

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A AXENCIA ESTATAL CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS, M.P., A TRAVÉS DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO (CSIC-IEGPS), PARA INSTRUMENTAR UNHA SUBVENCIÓN CO FIN DE ESTABLECER AS BASES CIENTÍFICAS PARA RECOÑECER COMO RUTAS DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO EN GALICIA NOVAS ALTERNATIVAS NON RECOLLIDAS NA LEI 5/2016, DO 4 DE MAIO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

14 de decembro de 2021

En Santiago de Compostela e Madrid

REUNIDOS INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, nomeado mediante Decreto 112/2020, do 6 de setembro, publicado no DOG número 181, do 7 de setembro de 2020, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro de 2020, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

E doutra, _____, presidenta da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), en nome e representación deste organismo en virtude do seu nomeamento efectuado por Real Decreto 993/2017, do 17 de novembro (BOE número 280 do 18 de novembro de 2017), actuando conforme ás atribucións que lle confire o artigo 11.2, apartados e) e i) do Estatuto do CSIC, aprobado por Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro (BOE número 12 do 14 de xaneiro de 2008) e o artigo 48.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade suficiente e competencia para obrigarse neste convenio, en virtude do cal

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), NIF Q-2818002-D, con sede central en Madrid (CP 28006) e domicilio institucional en rúa de Serrano, 117, de conformidade co artigo 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía

e a Innovación (“Lei da Ciencia”), é un Organismo Público de Investigación (OPI) da Administración Xeral do Estado, actualmente adscrito ao Ministerio de Ciencia e Innovación a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinario, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias de acordo co establecido no artigo 4 do Estatuto do CSIC, aprobado por Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro (BOE 14/01/2008).

O CSIC está constituído como Axencia Estatal e, na devandita condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis a 108 sexies (introducidos pola Lei de PGE para 2021) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas disposicións do seu xa citado Estatuto.

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-IEGPS) é un instituto de investigación mixto do CSIC e a Xunta de Galicia, sen personalidade xurídica diferenciada, que ten como obxectivos a análise do patrimonio e o seu papel na configuración dos sinais identitarias de Galicia e dos galegos desde os séculos medievais ata a actualidade.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias sobre investigación científica e técnica de acordo co artigo 27.19º da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía.

Terceiro.- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, segundo o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Así mesmo, segundo o devandito decreto, correspóndelle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da referida Consellería a delimitación e protección dos Camiños de Santiago en Galicia, así como a elaboración de anteproxectos normativos que os afecten.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece no seu artigo 73.3 que poderán ser recoñecidos como Camiño de Santiago aquelas rutas das que se documente e

xustifique convenientemente a súa historicidade como rutas de peregrinación a Santiago de Compostela e a súa influencia na formación da estrutura do territorio polo que transcorren.

Cuarto.- Que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigacións da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3º que “promoverá a formación, o ensino especializado e a investigación nas materias relativas ao estudo, á conservación e ao enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializados”.

Quinto.- En atención a todo canto se acaba de expoñer, as dúas partes, no exercicio das súas respectivas facultades e entendendo beneficiosa para ambas a colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador, acordan subscribir o presente convenio que instrumenta unha subvención por parte da Consellería ao CSIC-IEGPS e que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

É obxecto deste Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o CSIC o financiamento dos estudos científicos para establecer e desenvolver as bases teóricas e a metodoloxía científica idónea para concretar os criterios e requirimentos documentais que unha ruta histórica debe posuír para xustificar o seu recoñecemento como Camiño de Santiago coa categoría de territorio histórico. Así mesmo, pretende analizar con relación aos devanditos criterios e requirimento unha serie de rutas que veñen ser promovidas e publicitadas nos últimos tempos por diferentes persoas, grupos ou organizacións en todo o territorio da Comunidade Autónoma.

A finalidade deste Convenio é promocionar o desenvolvemento dunha ferramenta metodolóxica fundamentada no saber científico, experto e de carácter investigador, cunha perspectiva xeral e ampla, que permita a identificación e delimitación das rutas dos Camiños de Santiago en Galicia dunha forma xustificada e obxectiva, aplicando criterios racionais e comprensibles.

Os obxectivos a conseguir son:

1. Consolidar as bases teóricas para o recoñecemento das Rutas dos Camiños de Santiago como bens do patrimonio cultural de Galicia coa categoría de territorio histórico.
2. Asentar criterios e requirimentos documentais concretos para realizar unha análise crítica das fontes, referencias e indicios que tradicionalmente ou con carácter informal asóciase aos Camiños de Santiago, en especial no referido a cuestións como: a identificación e o fluxo de peregrinos; a natureza e relación coa peregrinación dos hospitais; as referencias e denominacións a camiños na documentación histórica; a propia documentación relacionada coa peregrinación, etc.
3. Establecer uns fundamentos e metodoloxía para o estudo das alternativas e a súa valoración ou non como Rutas dos Camiños de Santiago, e objetivar o xuízo sobre a súa historicidade como rutas de peregrinación.
4. Analizar alternativas e propostas de recoñecemento de Rutas dos Camiños de Santiago que veñen promovendo nos últimos anos, e cando menos as que veñen denominando como:
 - Camiño do Mar (camiño pola Mariña lucense desde Ribadeo ata Ortegaleira e a conexión co Camiño Inglés)
 - Vía Künig (camiño polo oriente e centro da provincia de Lugo alternativo ao Camiño Francés)
 - Camiño de San Rosendo (camiño meridional que enlazaría a vila de Celanova co resto de rutas xacobeas e lugares asociados a San Rosendo)
 - Camiño Miñoto Ribeiro e Camiño da Geria ou dos Arrieiros (desde Portugal por Braga pasando polo Ribeiro e Terra de Montes cara a Santiago)
 - Camiño de Muros-Noia
 - Camiño a Muxía por Brandomil (variante da prolongación cara a Fisterra e Muxía polo histórico paso da ponte localizada en Zas desde Ponte Maceira)

- Camiño Mariñán (polas Mariñas coruñesas)

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Lei de subvencións de Galicia), para o outorgamento desta subvención, adecuada á finalidade concreta deste convenio, non é posible promover a concorrência pública xa que o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-IEGPS) é a única entidade promotora destes proxectos, actuacións que se encadran dentro das liñas de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, á vez que se considera de interese social a realización dos mesmos, xa que contribúen a aumentar o coñecemento sobre áreas específicas do patrimonio cultural, que permitirán ampliar a súa divulgación e difusión, mellorar a súa protección e facilitar o seu acceso ao mesmo por parte da poboación.

Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo "Protexer o patrimonio cultural galego", que inclúe a realización de estudos, traballos e documentos necesarios para incrementar e actualizar os datos e información que sobre os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia posúa a Administración competente en materia de patrimonio cultural.

Segunda.- Execución

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-IEGPS), a través dun grupo de investigación específico, cuxo investigador principal é o doutor Antonio Manuel Pazos Rodríguez, desenvolverá os obxectivos do financiamento instrumentado neste Convenio creando os grupos de traballo necesarios baixo a súa coordinación, e que desenvolvan o estudo e análise desde a perspectiva da historia, a historia da arte, a xeografía e os estudos territoriais e a antropoloxía sociocultural. Así mesmo, deberá elaborar unha memoria completa da actividade na que se recolla toda a información elaborada con este obxecto e que integrará entre os seus documentos, ademais:

Unha memoria metodolóxica na que se recollan de forma clara e diferenciada os criterios e requirimentos de estudo e o grao no que o seu cumprimento pode determinar unha xustificación suficiente para a consideración dunha Ruta dos Camiños de Santiago.

Unha avaliación específica para cada unha das rutas indicadas nos obxectivos, ós que se lle aplique convenientemente a citada metodoloxía e se incorporen as conclusións particulares sobre a consideración ou non como ruta xacobeas.

A execución das actividades subvencionadas desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

FASE	DESCRICIÓN	PRAZO
FASE INICIAL	Desenvolvemento dos criterios epistemolóxicos e metodoloxía destinados a determinar a historicidade no recoñecemento de rutas xacobeas.	3 meses
FASE CENTRAL	Aplicación dos criterios e metodoloxía deseñados aos rutas xacobeas ou propostas de variantes recollidas no Convenio.	18 meses
FASE FINAL	Emisión do informe final.	3 meses

Terceira.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia financiará os obxectivos previstos neste convenio mediante unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 10.41.433A.703.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, por un importe máximo de 607.463,80 € a transferir ao CSIC-IEGPS, de acordo coa seguinte distribución por anualidades e por conceptos subvencionables:

IMPORTES E ANUALIDADES				
CONCEPTO	2021	2022	2023	TOTAL

Custos de persoal CSIC-IEGPS	12.822,80 €	76.936,72 €	64.114,00 €	153.873,52 €
Custos de persoal técnico especializado externo	12.500,00 €	150.000,00 €	137.500,00 €	300.000,00 €
Custos traballo de campo	4.000,00 €	16.000,00 €	12.000,00 €	32.000,00 €
Material	1.500,00 €	3.000,00 €	1.500,00 €	6.000,00 €
TOTAL CUSTOS DIRECTOS	30.822,80 €	245.936,72 €	215.114,00 €	491.873,52 €
CUSTOS INDIRECTOS CSIC*	7.243,36 €	57.795,13 €	50.551,79 €	115.590,28 €
TOTAL	38.066,16 €	303.731,85 €	265.665,79 €	607.463,80 €

* A determinación dos custos indirectos calcúlase coa aplicación do 23,5% sobre os custos directos, de conformidade co artigo 31.9 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e co artigo 29.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en aplicación da Norma para a determinación, aplicación e distribución dos custos indirectos da actividade investigadora no CSIC, "Norma COIN", aprobada por Resolución do Presidente do CSIC do 20 de decembro de 2009.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illadamente ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario. De acordo co apartado 2.1 do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/ C 198/01), non se trata dunha axuda de Estado por outorgarse a un organismo de investigación sen ánimo de lucro para actividades non económicas, e darse difusión dos resultados da actividade do organismo de investigación subvencionado e a disposición de todos de forma indiscriminada, de modo que non se produce vantaxe económica para a entidade subvencionada.

Cuarta.- Deberes do beneficiario

O CSIC-IEGPS comprométese a:

Destinar o importe de financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se recolle no mesmo (cláusulas primeira e segunda), no período de vixencia comprendido no mesmo.

Comunicar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para realizar os traballos segundo a lexislación de contratos do sector público.

Executar no prazo de vixencia do convenio o obxecto deste convenio.

Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.

Acreditar ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con anterioridade á sinatura do presente convenio:

Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter pendente de pago ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non alterar o destino da achega.

Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado de acordo ao establecido na cláusula segunda.

Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada neste convenio (cláusula sexta).

O beneficiario deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Ademais, son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

O CSIC-IEGPS consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo, en todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade financiadora.

Acreditar ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con anterioridade á sinatura do presente convenio:

Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter pendente de pago ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Comisión de seguimento e control

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Estará formada polos membros que aparecen a continuación.

Por parte da Consellería:

- A persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura
- A persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Por parte do CSIC-IEGPS:

- A persoa titular da Delegación do CSIC en Galicia.
- A persoa titular da Dirección do CSIC-IEGPS.

As funcións desta comisión serán as de seguimento, coordinación e control do grao de realización do convenio, e ambas as partes asinantes comprométense a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da presente comisión. A comisión reunirse a instancia de calquera das partes.

A comisión poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento interno, e a falta delas rexerense polas normas que en materia de órganos colexiados inclúe a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (artigos 15 a 22).

Sexta.- Xustificación

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de forma indubidable á natureza da actividade subvencionada, realizados e pagos ata a finalización do prazo de xustificación, sen prexuízo da previsión do convenio relativa aos gastos de Seguridade Social do último mes de cada anualidade. Admitiranse aqueles gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2021.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

O procedemento xustificativo incorporará as seguintes consideracións no relativo aos seguintes aspectos:

Documentación a presentar polo beneficiario (CSIC-IEGPS):

Para a percepción da axuda será necesario presentar ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a seguinte documentación:

- Certificación detallada dos gastos, expedida por la Dirección e Xerencia do IEGPS.
- As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e os seus correspondentes xustificantes de pagamento.
- As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, debe solicitar o beneficiario.

De acordo co establecido no citado artigo, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas características especiais non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou suministren ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberá proporcionar coa xustificación, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica, deberá proporcionar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

Dado que a entidade beneficiaria reúne os requisitos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
- Informe ou memoria onde se describan as actividades realizadas, reflectindo o proceso do traballo seguido, de acordo coa planificación obxecto do convenio.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación será ata o 20 de decembro para cada anualidade. Os gastos de Seguridade Social correspondentes ao último mes de cada anualidade, que non poidan ser ingresados na anualidade correspondente de acordo coa normativa regulamentaria da Seguridade Social, poderán ser imputados á anualidade seguinte, excepto os da última anualidade do convenio que se someterán ao réxime común de xustificación.

Pago da subvención: o pago do importe previsto en cada anualidade realizarase despois de comprobar a xustificación presentada e a execución que se corresponda coa contía total para ese ano da axuda. No caso de non chegar á porcentaxe fixada en cada ano, o pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención prevista ese ano efectivamente xustificada.

Pagos a conta: A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá realizar en cada anualidade pagos a conta que responderán o ritmo de realización dos traballos e custos xustificados. O importe do pago a conta calcularase en aplicación da porcentaxe que supón a súa achega nese ano, sen que se poida superar a contía máxima prevista para cada anualidade. A contía restante abonarase cando se xustifiquen os traballos correspondentes á fase e anualidade do importe achegado en cada ano, segundo o establecido nos parágrafos anteriores.

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-IEGPS) deberá presentar igualmente, cando finalice a totalidade dos traballos, a documentación xustificativa da realización da totalidade do proxecto.

Os pagos a conta que realice a Consellería de Cultura, Educación e Universidade non poderán superar o 80% do importe total subvencionado para cada ano, debéndose reservar o 20% restante para a última xustificación anual a achegar xunto coa documentación correspondente á finalización da porcentaxe de obra correspondente.

Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

Sétima.- Facultades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través dos seus servizos técnicos, reservarase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non asume máis obrigação que a de subvencionar a cantidade prevista na cláusula terceira deste convenio. A subscrición do mesmo non conleva por si soa relación contractual algunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Oitava.- Período de vixencia

A vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021.

Novena.- Subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderanse subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización da súa actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e polo artigo 43 do seu regulamento. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décima.- Réxime xurídico e resolución de controversias

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental dunha subvención, rexeráse polo previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas pola Comisión de seguimento sinalada na cláusula quinta, poderán ser resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima.- Causas de resolución anticipada. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase por incurrir en causa de resolución ou polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes. Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumplidora para que cumpra nun determinado prazo. Este requirimento será comunicado á parte incumplidora a través da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo, persistise o incumprimento, a parte comunicante notificará á incumplidora a concorrencia da causa de resolución e

entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos si os houbera.

- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis ou noutras normas de aplicación xeral.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á súa liquidación con obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes. No caso de que, no momento da resolución do convenio, existisen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización daquelas actuacións que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal, deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos máis arriba expresados.

Duodécima.- Publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo, procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarse á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Ademais, será rexistrado no Rexistro de Convenios e Encomendas do Sector Público Estatal (RCESPE).

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e, por tanto, a recibir notificacións por medios electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Protección de datos

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e deberes derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado no lugar e na data expresados.

O Conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade da Xunta de Galicia

A Presidenta do Consello Superior de
Investigacións Científicas

Román Rodríguez González

ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona _____
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte
actuación _____, dita entidade
solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recogidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

-----, ---, de-----de 2021

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ÓRGANO COMPETENTE DA ENTIDADE CSIC, DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Don/Dona _____, con DNI _____, en nome e representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obrigación por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(sinatura)

ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dona _____, con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____ con
CIF _____.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que a entidade á cal representa é titular da conta corrente que a continuación se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio.

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(sinatura)